



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

R.P. 2023/43713.- Aprobación das bases do V Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES DO V PREMIO "LUÍSA VILLALTA" A PROXECTOS POLA IGUALDADE, ANO 2023.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes da Sección de Servizos Sociais, da Secretaria Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro- Aprobar as bases da convocatoria do V Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade, ano 2023.

V Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade (2023)

A Deputación da Coruña, como institución pública, está fundamente comprometida co desenvolvemento de políticas e iniciativas que contribúan ao avance social na igualdade de xénero, verdadeira necesidade -e ao tempo, motor de transformacións- cara á consecución dunha sociedade xusta, libre, igualitaria e democrática.

En memoria e co obxectivo de contribuír a divulgar a obra e a figura de Luísa Villalta, destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario e do activismo e compromiso social coa transversalidade e o enfoque de xénero na súa escrita, a prol da loita pola igualdade real e o apoderamento das mulleres, a Área de Igualdade convoca o V Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade

Esta convocatoria enmárcase na medida 2.3.1 do Plan de acción de Igualdade Provincial 2019-2023, documento estratéxico de planificación das políticas públicas de Igualdade pola Deputación da Coruña.

O premio rexeráse pola seguintes:

BASES

Primeira.- Obxecto

O concurso ten por obxecto o fomento da igualdade mediante a realización de proxectos que poñan en valor o papel histórico, económico, social e cultural das mulleres e/ou contribúan de forma relevante ao avance no asentamento social da aposta pola igualdade de xénero, a loita contra a violencia de xénero, a diversidade sexual e interseccionalidade.

Procurarase o recoñecemento e a consolidación de proxectos que contribúan a rachar coas desigualdades de xénero, o fomento do impacto social e a construción dunha sociedade máis igualitaria.

Os proxectos que se presenten poden ser de sensibilización, educación, empoderamento, investigacións etc utilizando para a súa posta en marcha e desenvolvemento calquera dos diferentes campos artísticos (música, literatura, escena, imaxe, arte urbana ...). Os traballos procurarán a visibilización da muller no campo social e cultural.

Todos os proxectos terán nos seus principios reitores:

- Unha filosofía integradora, interseccional e transversal do enfoque de xénero, participativa e de visibilización social das mulleres.
- A sensibilización, concienciación e intervención para corrixir as situacións sociais de desigualdade.
- A promoción e empoderamento das mulleres como motor económico e social que combata a discriminación estrutural.
- A presenza equilibrada de mulleres e homes especialmente nos diferentes equipos de traballo e órganos consultivos e de toma de decisións.
- A produción intelectual que propicie o intercambio a nivel autonómico, nacional e internacional e fomenta o traballo en rede coordinado e colectivo.

Os proxectos empregarán a lingua galega e unha linguaxe con perspectiva de xénero. Desagregará os datos por sexo e incorporarán medidas de accesibilidade universal en todas as súas fases.

Poderán presentarse ao concurso proxectos orixinais, iniciados e finalizados en 2023 e que no momento da publicación das bases estean finalizados ou en fase de execución.

Non poderán participar proxectos iniciados en anos anteriores.

Os proxectos desenvolveranse na provincia da Coruña.

Non poderán participar as persoas físicas ou xurídicas que fosen premiadas con anterioridade neste premio ou noutros convocados polo Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes.

Non poderán participar os centros educativos que poden presentarse a outra convocatoria: o Premio "Concepción Arenal" que premia proxectos educativos pola igualdade de xénero.

Segunda.- Persoas ou entidades destinatarias

Poderán presentar os seus proxectos todas aquelas persoas físicas ou xurídicas con sede social permanente no territorio galego e que estean legalmente constituídos no momento de facer a solicitude como profesionais inscritas/os no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os, entidades de economía social e/ou empresas

Só se admitirá unha candidatura por entidade, persoa física ou xurídica.

A convocatoria tramitase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática, as persoas participantes deberán dispoñer de:

* un único enderezo electrónico que non poderá variar ao longo da tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

* certificado dixital.

Terceira.- Dotación

O Premio *Lúisa Villalta a proxectos pola igualdade* ten unha dotación de 100.000 €.

Convócanse **oito premios**, por un importe máximo de 12.500 € cada un; en función do orzamento do proxecto seleccionado, o importe do premio poderá ser menor.

No caso de que haxa dispoñibilidade orzamentaria o xurado poderá propoñer a concesión dalgún premio máis.

Os premios poderán quedar desertos e o seu importe está suxeito ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa beneficiaria falecese despois da decisión do xurado (no caso de persoas físicas).

Cuarta.- Prazo e presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentarase de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Quinta.- Documentación

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

* Estatutos/escritura da entidade adaptados á lexislación vixente (só para persoas xurídicas ou entidades)

* Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña.

* Certificado de situación no censo de actividades económicas da Axencia Estatal de Administración Tributaria..

* Memoria explicativa no que se recollan os datos seguintes:

- Nome da persoa ou entidade que formula a solicitude, NIF
- Nome do/a representante, NIF
- Resumo breve da proposta presentada (2 parágrafos)
- Breve CV dos/as profesionais, empresa/s ou entidades que promoven a proposta (1 páxina)
- Fundamentación razoada do proxecto, detección de necesidades ou desigualdades detectadas, relación coa promoción da igualdade de xénero (1 páxina)
- Descrición do proxecto indicando a fase de execución na que se atopa indicando a data de comezo do proxecto e o seu estado actual, obxectivos xerais e específicos e actividades realizadas (2 páxinas)
- Perfil e número estimado de persoas destinatarias que se benefician directa ou indirectamente do proxecto (½ páxina)
- Indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social e con perspectiva de xénero que se empregan para medir a consecución dos obxectivos do proxecto (1/2 páxina)
- Metodoloxía, calendarización e ámbito territorial (1 páxina)
- Colaboracións, patrocinios e apoios cos que conta o proxecto (½ páxina)
- Plan de comunicación do proxecto incluída a publicación de resultados (1 páxina)
- Incorporación de medidas de accesibilidade universal (½ páxina)
- Orzamento desagregado destinado ao proxecto, con e sen IVE.
- Fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento), así como das subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- Calquera outra documentación que as entidades solicitantes consideren de interese para o proxecto.

* Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no V Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

* Declaración de que a persoa física ou xurídica, entidade pública ou privada mantén unha actividade continuada dende o inicio do proxecto.

* Declaración conforme o proxecto é orixinal e que a persoa/entidade que o presenta ten a autoría.

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola deputada delegada de Políticas de Igualdade de Xénero e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito social e/ou empresarial das políticas de igualdade de xénero, nomeadas por ela, e a técnica de igualdade da Deputación da Coruña.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poida promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

O xurado actuará en pleno, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución será aplicado o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserto/s o/s premio/s, e a proposta que formule será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación.

A decisión do xurado será inapelable e será dada a coñecer na páxina web da Deputación.

Sétima.- Concesión

O xurado valorará todos os proxectos presentados tendo en conta os seguintes criterios:

Interese do proxecto para a promoción da igualdade de xénero: ata 30 puntos

Valorarase a capacidade de contribución ao avance no asentamento social da igualdade de xénero, a loita contra a violencia de xénero, a diversidade sexual e a interseccionalidade, así como a transversalización do enfoque de xénero incorporando o fomento da igualdade de xénero en diferentes ámbitos de actuación.

Impacto social do proxecto en favor da igualdade de xénero: ata 30 puntos

Valorarase a capacidade transformadora do proxecto a prol de superar as desigualdades de xénero e as posibilidades de cambio social relativo a crenzas, estereotipos, roles, etcétera. Recoñecerase a capacidade de efectividade e repercusión social.

Coordinación e traballo en rede: ata 10 puntos

Valorarase a capacidade de coordinación no marco do proxecto xerando sinerxías e redes de traballo con outros/as axentes ou administracións no desenvolvemento da práctica, así como as fases en que esta colaboración se levou a cabo.

Sustentabilidade e transferencia do proxecto: ata 10 puntos

Valorarase en termos de continuidade temporal o proxecto, capacidade de mantemento dos cambios acadados tras a súa implementación e a posibilidade de ser transferida esta experiencia noutro contexto social ou territorial, dada a súa capacidade de incidir nunha problemática global a nivel social.

Incorporación da accesibilidade universal: ata 10 puntos

Valorarase todas as medidas que garantan a accesibilidade universal nas diferentes fases dos proxectos: infraestrutura, comunicación, contidos e recursos (adaptacións e recursos físicos, formatos accesibles, subtítulo, lingua de signos), garantindo a participación da sociedade nos proxectos en igualdade de oportunidades, con autonomía e independencia.

Innovación: ata 10 puntos

Valorarase a incorporación na implementación de metodoloxías ou ferramentas de innovación social, entendida como a capacidade de atopar novas propostas ou solucións a problemas sociais a través de políticas públicas ou de emprendemento social.

Oitava.- Pago.

O pago dos premios realizarase nun único prazo despois da resolución de concesión.

O xurado deberá verificar que o proxecto desenvolveuse tal e como fora presentado e premiado nesta convocatoria, e se non se axusta ao inicialmente presentado, poderá dar lugar ao reintegro parcial ou total do premio.

Para os efectos da dita comprobación, as persoas ou entidades premiadas deberán presentar antes do **15 de xuño de 2024 ás 14:00 horas** a seguinte documentación:

Os *proxectos de formato físico* demostrarán o desenvolvemento a través de:

- * informe sobre o desenvolvemento do proxecto, acompañado de toda a documentación gráfica, mediática, etcétera que respalde o contido deste.
- * declaración da empresa, entidade de economía social ou persoa autónoma de ratificación do desenvolvemento do proxecto.
- * entrega de cinco exemplares de cada un dos produtos (libros, discos, publicacións divulgativas, materiais de *merchandising*) elaborados dentro do proxecto.

Os *proxectos de formato virtual, escénico ou presencial* demostrarán o desenvolvemento a través de:

- * informe sobre o desenvolvemento do proxecto, acompañado de toda a documentación gráfica, mediática, etcétera que apoie o seu contido.
- * declaración da empresa, entidade de economía social ou persoa autónoma de ratificación do desenvolvemento do proxecto.
- * un documento cos materiais audiovisuais, as ligazóns a contidos dixitais e outro tipo de contidos que demostren o desenvolvemento do proxecto.

Novena.- Obrigas

Os proxectos premiados deberán levar a identidade visual da Deputación da Coruña e de Igualdade (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos/>)

(<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/igualdade/>)

A Deputación poderá facer uso en calquera das súas campañas de sensibilización e información das actividades das propostas gañadoras sempre e cando estas o autoricen.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Undécima.- Protección de datos

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para exercer estes dereitos ante a Deputación Provincial da Coruña, deberá facerse mediante solicitude no Rexistro, cuxa dirección é Avenida Porto da Coruña, nº 2 - 15003 A Coruña ou ben tramitar a citada solicitude a través da sede electrónica da Deputación, se dispón do certificado dixital oportuno (https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N), onde atopará tamén o modelo de solicitude para a súa presentación presencial.

Máis información en: https://sede.dacoruna.gal/opencms/es/sobrelasede/proteccion_datos/

Para calquera dúbida ou aclaración deberá contactar coa Deputación da Coruña a través do delegado de protección de datos no seguinte enderezo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Segundo- Dispor a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro- Aprobar o orzamento da actividade, que ascende a 102.000,00 euros, segundo o seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premios (8 x 12.500 = 100.000 €)	0611/23122/481	100.000,00	220230050143
Honorarios xurado (2 membros x 1.000 = 2.000 €)	0611/23122/22699	2.000,00	

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Si se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 17 de novembro de 2023,

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/9217